



# Memoria de Actividades Proyecto Ríos 2020



### **Memoria Actividades 2020**

Coordinación e maquetación: Virginia Rodríguez

Realización: María Canedo, Ramsés Pérez e Paco Bañobre

Fotografía.: Ramsés Pérez e Paco Bañobre

### **Proxecto Ríos**

Avd Castelao nº 20

15704 Santiago de Compostela

[www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org)

## 1. Introducción.

## 2. Memoria de actividades.

- Participación do voluntariado no Proxecto Ríos
- Saídas Formativas
- Charlas presentación do Proxecto Ríos
- Cursos de formación
- XVI Encontro de Voluntariado
- Proxecto Erasmus+ Living Rivers
- Life INVASAQUA
- Interreg DiaES
- XIII Limpeza Simultánea de Ríos
- Comunicación

## 3. Materiais Editados.

## 4. A rede Ibérica de Proxecto Ríos.

## 5. Anexos.

- Aparición nos medios de comunicación
- Memoria fotográfica das actividades
- Memoria económica



# 1. Introducción



No ano 2005 comeza a andaina do Proxecto Ríos en Galicia coordinado pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA). A finalidade é dar a coñecer a situación ambiental dos nosos cursos fluviais, incrementar a concienciación ambiental a través da participación cidadá e ofrecer solución aos problemas asociados á auga e aos ríos. ADEGA pretende converterse nun referente nos programas de educación e voluntariado ambiental. O Proxecto Ríos está promovido pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a través do organismo Augas de Galicia e pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través do Instituto de Estudos do Territorio.

A finalidade de ADEGA é dar a coñecer a importancia dos ríos e as problemáticas ambientais asociadas aos mesmos. O obxectivo xeral do Proxecto Ríos é ensinar e transmitir bos comportamentos aos cidadáns para a mellora dos cursos fluviais mediante a súa participación.

En canto aos obxectivos específicos do proxecto, a relación sería esta:

- Mostrar aos participantes as responsabilidades ambientais que teñen con relación ás augas, como non contaminalas e axudar á súa conservación.
- Ensinar a identificar a flora e fauna dos ecosistemas de ribeira.
- Interpretar o ciclo da auga a escala global e local, informando aos participantes do seu papel nese ciclo.
- Facilitar o material específico necesario e persoal indicado para realizar as inspeccións.
- Motivar para aprender a relacionar elementos naturais, culturais, históricos, sociais, económicos, etc.
- Dispoñer dunha sede física e virtual onde centralizar as actividades do Proxecto Ríos e os recursos de educación ambiental e facilitar o acceso aos participantes.
- Fomentar a educación ambiental nos concellos, ofrecendo actividades para diferentes grupos sociais.





## 2. Memoria de actividades

As actividades desenvolvidas con respecto ás inspeccións de primavera do Proxecto Ríos no primeiro semestre do 2020, foron as que a situación do Covid19 permitiu realizar. Tendo so tres saídas formativas de inspección de río co alumnado dos seguintes centros: IES de Arzúa, IES de Salvaterra e IES San Paio de Tui antes da declaración do Estado de Alarma. Ao finalizar este, empezamos a realizar algunhas saídas formativas con voluntariado moi reducido. Só unha ou dúas persoas en cada quenda con alumnado do Centro de Capacitación Forestal de Lourizán.

Durante a campaña de outono tivemos tamén que adiar algunha actividade pola nova declaración do estado de alarma no mes de outubro, mais continuamos realizando actividades con centros de ensino e grupos de voluntariado de forma reducida.


Editouse, no primeiro trimestre de 2020, o CalendaRío 2020 onde aparece a previsión da realización das actividades antes da declaración do estado de alarma.

### 2.1. Participación do voluntariado no Proxecto Ríos


Na actualidade (novembro de 2020) hai 427 grupos participando no Proxecto Ríos, que se distribúen por provincias, tal e como amosa a seguinte figura:

Durante o ano 2020 se incorporaron ao Proxecto Ríos 13 novos grupos.

**Participación por provincias**




A progresión na participación está reflectida na seguinte gráfica:



### Caracterización do Voluntariado

A tipoloxía dos grupos participantes no Proxecto Ríos está representada na seguinte figura. Os piares fundamentais do proxecto son os particulares, seguidos polos institutos de ensino secundario e as asociacións. En 2020 continuamos colaborando co Plan Proxecta da Consellería de Educación, mais a declaración do Estado de Alarma impediu que se sumaran novos centros de ensino ao Proxecto.



## 2.2. Saídas formativas

As saídas formativas do ano 2020 estiveron marcadas pola COVID-19. Nos primeiros meses do ano, de xaneiro a marzo preparouse un calendario de actividades, como en anos anteriores, tendo xa a mediados de febreiro un Calendario de saídas formativas de primavera dunhas 30 saídas programadas. Finalmente a aparición do COVID19 impediu desenvolver ese traballo e só se puideron facer dúas das saídas formativas.

Houbo logo que esperar a que pasara o período de corentena para poder retomar algunhas das saídas e poñer outras novas xa que moitas das programadas eran con centros de ensino que xa non reanudaron as aulas.

Durante o primeiro semestre do ano 2020, debido á situación de confinamento establecida polo Estado de Alarma a causa do Covid- 19, as saídas formativas aos ríos foron moitas menos que as programadas e as que se levaron a cabo realizáronse con grupos moi reducidos.

A campaña de outono púidose desenvolver con mais ou menos normalidade realizando saídas formativas con centros de ensino e asociacións respectando sempre as distancias e normas de seguridade.

As saídas formativas consisten en facer unha inspección de río co apoio da equipa educativa do Proxecto Ríos. As saídas formativas constan de dúas partes: Na primeira parte percórrese o treito escollido e identifícanse as especies vexetais e animais, tanto das marxes como do leito do río. Ao longo do percorrido aprovéitase para comentar diferentes aspectos relacionados cos ecosistemas fluviais, así como para contabilizar o patrimonio etnográfico (muíños, batáns, lavadoiros, etc.) e analizar os colectores que poidan aparecer no treito. O estudo dos colectores permite coñecer a tipoloxía e a posible perigosidade dos aportes que poida ter o treito inspeccionado así como tomar as medidas oportunas de denuncia ambiental cando proceda. A presenza de restos patrimoniais nos ríos galegos é moi elevada, por iso dende o Proxecto Ríos se lle quere dar unha especial relevancia ó estudo dos mesmos, facendo fincapé nos usos tradicionais que posúen os ríos.

Na segunda parte da inspección, escóllese un punto de mostraxe que sexa representativo do treito de río escollido. Aquí levaranse a cabo as análises e medicións dos parámetros físicoquímicos e biolóxicos. Parámetros físicos: mídese o ancho do río, a profundidade, a velocidade que alcanza a corrente, as características organolépticas da auga, é dicir, as que podemos apreciar a través dos nosos sentidos como o cheiro e a cor, tamén a temperatura da mesma e a súa transparencia con distintas ferramentas de medición. Tamén observamos e temos moi en conta o estado do bosque de ribeira (o cal se calcula a través dun índice de calidade de ribeira) e a porcentaxe de sombra que cubre a canle.



Parámetros químicos: mídese o nivel de pH, a cantidade de nitratos e o nivel de osíxeno disolto na auga.

Parámetros biolóxicos: faise unha recollida no leito do río de macroinvertebrados e procédese a súa identificación. Hai macroinvertebrados que só están presentes en ríos con augas de boa calidade, co cal estes denomínanse bioindicadores. Se estas especies de macroinvertebrados non aparecen na toma de mostras, indicarían unha mala calidade da auga do río.

Segundo os datos recollidos, asígnase un valor representativo do estado de saúde do río inspeccionado. A escala vai do 1 ao 5, sendo o primeiro un estado óptimo de saúde. O valor 5, indica que o río carece das condicións axeitadas para o desenvolvemento da vida.

Durante as saídas realizase tamén a pé de río unha presentación sobre o Proxecto Ríos, sobre a metodoloxía de inspección e sobre aspectos relevantes que teñen que ver cos ríos e a súa xestión.

### Saídas pre-COVID19

2020-02-18. Río Carracedo e río Iso. Arzúa. IES Arzúa,

2020-02-19. Río Tea. Salvaterra. IES Salvaterra. INVASAQUA.

2020-03-11. Río Louro. Tui. IES San Paio de Tui. INVASAQUA.

[24 saídas formativas xa programas e con data, e outras con data pendente tiveron que ser anuladas pola COVID19](#)

### Saídas post-COVID

2020-05-21. Río Tinto, Rois.

2020-05-27. Río Te, Rianxo.

2020-05-28. Río Rosende. Carballo.

2020-05-29. Río Corga de Sampil. Celanova.

2020-05-30. Río Mao. Montederramo.

2020-06-02. Rego de Vigo. Dodro.

2020-06-04. Río da Gándara. Pontevedra

2020-06-04. Río Loira. Bueu

2020-06-15. Río de San Tomé. Escola do Río. Mosteiro-Meis.

2020-06-25. Río Furelos. Melide.

2020-06-30. Río Sar. Santiago de Compostela. Escola Montessori Compostela

2020-07-07. Río da Groba. Baiona. Asoc. Avelaíña.

2020-07-07. Río Sarela. Gentalha do Pichel

2020-07-10. Inspección da Asoc. Amigas do Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro de Ares. Río Frades.

2020-09-30. Inspección con Kaleido Ideas. Río Oia.

2020-10-22. Río Rato. Lugo. UNED Lugo.

2020-10-29. Río Lárez. Forcarei. IES Chano Piñeiro.

2020-10-30. Río Liñares. A Estrada. Asoc. Pola Defensa do Val do Liñares.

2020-11-03. Río da Groba. Baiona. Asoc. Avelaíña.

2020-11-03. Río Tambre. Frades. CPI de Pontecarreira.

2020-11-04. Río Tea. Salvaterra de Miño. IES de Salvaterra.

2020-11-10. Río Magdalena. Vilalba. IES Castro da Uz.

2020-11-11. Río Lagar. A Coruña. Alumnos/as de Bioloxía da UDC.

2020-11-12. Río Magdalena. Vilalba. IES Castro da Uz.

2020-11-14. Río Sarela. Santiago de Compostela. Alumnos/as de CC. Ambientais da UNED Pontevedra.

2020-11-19. Río Tea. Pontearreas. CIFP A Granxa.

2020-11-24. Río Lea. Castro de Rei. IES Castro de Ribeiras de Lea.

2020-11-26. Río Parga. Parga. CEIP Santo Estevo.

2020-12-03. Río Pego. Veciños do río Pego.

### **2.3. Charlas de presentación do Proxecto Ríos**

As charlas de presentación do Proxecto Ríos estiveron marcadas e houbo que adaptalas á situación de confinamento establecida polo Estado de Alarma por mor do Covid-19. Así houbo que adaptalas aos formatos de tele-charlas.

Estas charlas de presentación do Proxecto Ríos, teñen a finalidade tamén de divulgar pero por enriba de todo a finalidade última é que se formen grupos de voluntarios/as nunha zona concreta e traballen para mellorar a calidade dos ecosistemas fluviais da súa contorna.


As charlas consisten nunha presentación en PowerPoint onde se amosan os contidos do proxecto, os materiais a empregar nas inspeccións dos ríos, os pasos a seguir na realización das

inspeccións, así como pautas para o correcto manexo dos materiais e actitudes positivas á hora de facer a saída ao campo. Logo, ábrese unha quenda de debate sobre aspectos que os asistentes consideren importantes relacionados cos ecosistemas fluviais.

Tamén, cando se concerta unha saída formativa cun grupo de voluntariado, se realiza unha pequena introdución dos principios nos que se basea o proxecto, polo que podemos dicir que en cada saída formativa se fai tamén unha charla.

As conferencias con grupos ou entidades interesadas polo Proxecto Ríos foron no primeiro semestre de 2020 as seguintes

O xoves 18 de xuño programouse unha charla on-line nos Encontros Naturalista do Grupo Naturalista Hábitat. Que tivo unha gran acollida



O sábado 19 de setembro de 2020 realizouse unha charla sobre o Proxecto Ríos nas Xornadas de Voluntariado Ambiental organizadas en Vedra pola Asociación AMABUL



O xoves 05 de novembro de 2020 realizouse unha charla sobre o Proxecto Ríos para o alumnado de 1º de Bioloxía da Universidade da Coruña.



## 2.4. Cursos de Formación

Dentro das actividades anuais do Proxecto Ríos prográmanse xornadas de formación destinadas ao voluntariado participante. A metodoloxía de inspección do Proxecto Ríos baséase na recollida e identificación de macroinvertebrados e durante o inicio do Proxecto se realizan cursos específicos sobre esta temática. En primavera de 2020 non se puido facer a xornada correspondente debido ao confinamento producido pola situación de pandemia.

### **XXXI Curso de Formación para Coordinadores de Grupo do Proxecto Ríos. 27 de setembro de 2020. Estación de Hidrobioloxía do Encoro do Con, Vilagarcía de Arousa.**

Na campaña de outono, si se puido desenvolver o curso correspondente, o número 31, mais limitado ás condicións e normas de reunión, polo que participaron 17 persoas como máximo. Foi o sábado 26 de setembro.

Ademais da recollida e identificación de invertebrados impartíuse unha charla marco sobre os rastros e pegadas de aves e mamíferos que podemos atopar na beiras dos ríos, a cargo de Xosé



Pardavila de Sorex. Aproveitamos para presentar aos participantes os novos materiais do Proxecto Ríos relacionados con esta cuestión: dúas fichas de identificación de rastros e pegadas.







O encontro comezou as 17.30h da tarde na área fluvial de Carmoega, á beira do río Arnego, onde numerosas persoas gozaban do río no caloroso día. Dende alí o grupo desprazouse ao Sobreiral, nomeadamente á Zarra da Pena onde se ía realizar a primeira actividade do día. A mesma consistía en revisar as caixas para morcegos instaladas no 2018. Para elo, a persoa encargada de levar a xornada, Xosé Pardavila da empresa Sorex, levaba unha pértega cunha cámara endoscópica. Así fóronse revisando todas as caixas. Para que as persoas participantes puideran ver o interior das caixas descargaron unha aplicación ao teléfono móbil que lle permitía ver o que a cámara estaba a ver. Xosé Pardavila que leva colaborando con Proxecto Ríos-ADEGA nesta iniciativa de custodia do territorio é unha persoa especialista nos morcegos que está a participar en numerosos proxectos na península.

A seguir baixamos ao río para facer as seguintes actividades desta volta xa no río Arnego.



Primeiramente se fixo a montaxe das redes para a captura de morcegos. Instaláronse redes ao longo do río, nomeadamente na tosta do muiño da Devesa e no camiño cercano. O motivo de poñer as redes é que os morcegos nada máis saír dos seus refuxios saen a beber e alimentarse da gran cantidade de insectos que habitan o río. Unha vez que as redes están colocadas só queda esperar a que os morcegos saian dos seus refuxios, momento que se aproveitan para ceir algo.

Unha vez que os morcegos comezan a caer na rede se van gardando para o seu posterior estudo. A súa análise consiste en determinar a especie polos seus rasgos característicos e despois procedeuse a toma de mostras biolóxicas. Desta volta capturáronse 15 exemplares de 3 especies diferentes, os máis abundantes foron o morcego de ribeira (*Myotis daubentonii*) e o morcego común (*Pipistrellus pipistrellus*). Porén, tamén se capturou un exemplar de morcego de ferradura grande (*Rhinolophus ferrumequinum*) especie considerada como Vulnerable no Catalogo Galego de Especies Ameazadas. As especies íanse liberando a medida que se tomaban as mostras.

Para concluír a xornadas realizouse unha pequena formación sobre o Programa Quiroríos. Esta iniciativa pretende coñecer o estado ecolóxico dos bosques de ribeira a partir da actividade dos morcegos acuáticos. O índice QUIRORÍOS permítenos coñecer os atributos e características

ecolóxicas dun sistema fluvial a partir da actividade horaria do morcego acuático en diferentes tramos de río. Explicouse a metodoloxía de mostraxe e realizouse unha proba do mesmo por parte das participantes.

Contra as tres da mañá pechouse o encontro que como se pode ver nas fotos, nomeadamente para o análise e estudo dos morcegos, no que se seguiron as medias de protección, tal como recomendan diversas entidades estatais e internacionais.

Dende o verán de 2019, Proxecto Ríos participa no Proxecto Quiroríos.

### Que é o Quiroríos?

É un seguimento e/ou monitoraxe de morcegos acuáticos desenvolvido en Cataluña, iniciativa propia do Museo de Granollers e a asociación Galanthus. Está dirixido a calquera persoa que teña ganas de probar unha nova experiencia, a pesar de ser totalmente novo na monitoraxe de morcegos. Tan simple é que **NON** é requisito ter coñecementos previos, e xa verás que é igual de sinxelo como de divertido.

Os morcegos cumpren uns servizos ecosistémicos, é dicir, achegan grandes beneficios aos seres humanos como son a regulación da poboación de insectos (entre eles moitas especies praga) ou son excelentes bioindicadores de diferentes tipos de ecosistemas (responden rapidamente aos cambios no ambiente).

Desta maneira, o índice QUIRORIUS permítenos coñecer o estado ecolóxico dos bosques de ribeira a partir da actividade dos morcegos acuáticos. No caso de Galicia, o único morcego acuático presente nestas terras é o morcego das riberias (*Myotis daubentonii*).



## 2.6. Proxecto Erasmus+ Living River

Coidando e protexendo a vida e cultura ao redor dos ríos e regatos.

O Proxecto Living River xa está encamiñado. Levamos un case dous anos de andanza co mesmo, pero por mor da situación de Pandemia na que nos atopamos víronse adiadas as actividades máis importantes de este ano.

Executouse o primeiro “Curso de Formación de Profesorado” para poder realizalo, houbo un ano de preparación dos materiais e aclaración dos resultados que queremos conseguir dos centros e ensino. Durante a preparación destes materiais os socios e socias do Living River estiveron en continuo contacto, testando os mesmos con anterioridade.

O “Curso de Formación de Profesorado” dividiuse en dúas partes, como nas que está dividido o proxecto: Unha parte sobre o patrimonio histórico e outra sobre o estudo biolóxico do río.

Durante a primeira parte do curso, a equipa de Nova Universidade introduciu as metodoloxías sobre investigación histórica, identificando diferentes fontes de información e rexistros de patrimonio material e inmaterial, o que contribúe ao coñecemento da historia dos cursos de auga en estreita relación coas comunidades que viven e ocupan as súas marxes

A parte practica do curso foi composta por algúns exercicios e discusións dos resultados, a visita o Arquivo da universidade de Coimbra e o Mosteiro de Santa Clara-a-Velha, que mostra a diversidade das fontes históricas dispoñibles e o impacto do río Mondego no patrimonio arquitectónico.

A segunda parte do curso – “Amarrando as pequenas bolsas aos ríos”- consistiu dunha parte teórica e outra práctica sobre a ecoloxía dos ríos e información detalla sobre os procesos ecosistémicos clave: a descomposición da materia orgánica. Está técnica será empregada como ferramenta para poder avaliar a integridade funcional dos ríos.

Durante as sesións, tiveron a oportunidade de poñer en practica o uso da “bolsa” con follas de ameneiro, tanto no laboratorio como no campo (Ribeira de S. João, Lousã, centro de Portugal).

Este curso serviu para que o profesorado aprendera todos os protocolos de primeira man e así podelos poñer en práctica nos seus centros de ensino.

O terceiro encontro internacional de socios do proxecto LIVINGRIVER tivo lugar en Balikesir, Turquía, organizada polos compañeiros da Universidade de Balikesir. O socios compartiron os seus puntos de vista e experiencias sobre o primeiro curso de formación de profesorado, celebrado en Coimbra. Ademais os socios e socias, estiveron dialogando acerca do desenvolvemento do Ecomuseo, o Manual de Campo, o E-book e a Revista Virtual.

Debido o estado Pandemia global no que nos atopamos, a partir de marzo todas as actividades do Living River quedaron adiadas, os experimentos (tanto de carácter histórico como biolóxicos)


que se comezaran nos centros de ensino quedaron sen finalizar, polo que haberá que repetilos no próximo curso, facendo de novo as saídas necesarias cos diferentes centros.

Tamén o segundo “Curso de formación de Profesorado” xunto co “Intercambio de alumnado” que se ían celebrar en setembro e outubro quedaron adiados ate mediados do 2021.

As reunións polo de agora fanse virtualmente pero de maneira máis asidua para así ver como vai a situación sanitaria nos diferentes países. Adaptáronse os experimentos de carácter histórico para poder facelos vía telemática, máis os experimentos para poder saber a saúde do río realizaranse cando as condicións sexan axeitadas.

Ante esta situación estamos a mudar pouco a pouco o Proxecto para asegurar a saúde de todos os participantes. Pero iso non significou que parase o nosos traballo.

Actualmente seguimos coa creación do E-book do Living River, que para o 2021 xa estará listo. Estanse a perfeccionar a fichas de inspeccións de ríos, unificadas para que se poidan utilizar en toda Europa; tamén estase a preparar un Handbook (manual), no que se explica de forma sinxela como levar a cabo os diferentes tipos de experimentos, e con un capítulo de actividades ao redor do río abarcando todas a temáticas con actividades moi variadas, lúdicas e para todos os públicos.





## 2.7. Life INVASAQUA

O Proxecto LIFE INVASAQUA no que o Proxecto Ríos colabora dende o ano 2019 sufriu tamén a situación producida da pandemia provocada polo COVID19. Das actividades previstas só se puideron desenvolver tres. Realizáronse dúas saídas formativa con alumnado de secundaria, unha co IES de Salvaterra de Salvaterra do Miño e outra co IES San Paio de Tui, do concello de Tui. A primeira das actividades foi no río Tea e a segunda no río Louro case xa na desembocadura co río Miño. A actividade educativa no río enfocouse a divulgar os valores ambientais dos ecosistemas fluviais, así como a súa problemática, incidindo particularmente no efecto que as especies exóticas invasoras producen no medio fluvial.



Outra das actividades que se realizou foi a Xornada de formación del profesorado involucrado no LIFE INVASAQUA. A mesma consistiu na Presentación del proxecto; obxectivos, participantes, calendario, actividades, etc. Na mesma realizouse unha charla sobre a problemática das EEI en medios acuáticos e despois concretáronse algunhas das actividades a desenvolver por cada centro de ensino.



Durante a campaña de outono realizouse unha saída formativa con alumnado do IES de Salvaterra no río Tea na que se trataron cuestións relacionadas coas especies invasoras do medio acuático.



## 2.8. Interreg DiadES

O Interreg DiasES no que Proxecto Ríos-ADEGA participa como unha das partes interesadas sufriu tamén as consecuencias da Covid 19, e moitas das reunións e actividades programadas para o ano 2020 tiveron que ser canceladas.


Realizouse unha xuntanza presencial na Estación de Hidrobioloxía do Encoro do Con (EHEC) en Vilagarcía de Arousa o 05 de febreiro na que se organizaou o calendario de actividades e preparar o World Fish Migration Day.

O 11 de maio dende o Proxecto Ríos divulgamos na web do proxecto a Webinar organizada pola World Fish Migration Foundation.





O 24 de novembro de 2020 realizouse o DiadES Mid-term Meeting, que orixinalmente ía ser en Lisboa, mais desenvolveuse telemáticamente.



## DiadES cultural services market-approach

Fiesta de la Lamprea del río Ulla

- ✓ Cultural values are highly stronger in Spain (specially in Galicia) and Portugal in terms of festival or gastronomy events. But highly relevance in relation to the sport fishing
- ✓ > 0.272 Million €/year\* - Recreation sport fishing European eel and Allis shad
- ✓ > 1 Million €/year\* - Environmental education and research (European eel, salmon, sea trout, allis shad, twaite shad, sea lamprey, river lamprey).
- ✓ > 0.1 Million €/year\*\* Gastronomic events and festivals (Galicia, SP)

## 2.9. XIII Limpeza simultánea de ríos

O Proxecto Ríos organiza esta Limpeza Simultánea de Ríos dende o 2007, coa crenza de que esta actividade pode ser unha importante ferramenta en educación ambiental e na concienciación cidadá cara a conservación dos ecosistemas fluviais.

O domingo 28 de setembro de 2020 realizouse a XIII Limpeza Simultánea de Ríos en 49 concellos de toda Galiza. En cada localidade a actividade foi coordinada por diferentes entidades, dende asociacións ecoloxistas, culturais... até fundacións, centros de ensino, empresas e concellos, chegando ás 64 entidades. Houbo concellos nos que participaron varias asociacións limpando diferentes ríos como foi o caso de Lugo, Gondomar, Ames ou Santiago de Compostela, entre outros. Este ano fíxose a limpeza en 61 treitos de río e participaron 891 persoas.

Neste ano continúan a sumarse á iniciativa concellos, asociacións de pescadores, culturais, xuvenís, ecoloxistas... de moitos lugares de Galiza. Outros grupos levan participado nesta iniciativa dende os inicios, e ao longo destes trece anos podemos observar unha diminución de lixo nos treitos dos ríos custodiados por estas entidades, aínda que en 2020 volveron a aparecer moitas rodas de automóviles.

Para a xornada de voluntariado os participantes puideron consultar o Protocolo de Actuación que foi repartido entre o voluntariado o día da actividade e se pode descargar en PDF na web da limpeza. Ademais, todas e todos os participantes recibiron como agasallo unha máscara co lema da limpeza “Móllate polos ríos”.

Desgraciadamente aínda se verten moitos residuos aos ríos. Desta volta recolléronse refugallos de todo tipo, e coma sempre abundaron os plásticos: botellas, garrafas, bolsas, sacos... Apareceron rodas, baterías e motores de automóviles, cristais e latas; tamén pilas, restos de madeira, mobles, ferralla, algún televisor e entullos. Retiráronse uralitas, roupa, calzado, etc... As toallas húmidas para hixiene persoal volveron a aparecer en abundancia e este ano apareceu tamén algunha máscara. É preciso reflexionar sobre o uso destes artigos, e aínda máis sobre o lugar que empregamos para desfacernos deles, xa que ao tiralos polo retrete rematan nos nosos ríos contaminando os canles e ribeiras.

Calculamos que os residuos de tódolos concellos suman un total de case 16 toneladas, pero debemos lembrar que o noso principal obxectivo non era este, senón concienciar á sociedade da necesidade de manter limpos os ríos. O voluntariado denuncia que a situación dos nosos ríos debe mudar.

No seguinte cadro aparecen en detalle os Kg retirados de cada río polos voluntarios dos diferentes concellos.

Axúntase a memoria completa da XIII Limpeza Simultánea de Ríos.

| Concello          | Grupo  | Voluntarios /as | Río                          | Kg    |
|-------------------|--|-----------------|------------------------------|-------|
| A Cañiza          | Fundación MundoNatura                                  | 10              | Deva                         | 100   |
| A Coruña          | Asoc. Hortas do Val de Feáns                           | Adiada          | Mesoiro                      |       |
|                   | OMA UDC  | 7               | Lagar                        | 100   |
| A Estrada         | Asoc. A Xesteira                                       | 17              | Veá                          | 500   |
| A Guarda          | Asoc. A Jalleira                                       | 10              | Tamuxe                       | 100   |
| Ames              | Aula da Natureza do Concello de Ames                   | 8               | Rego dos Pasos Sar           | 30    |
| A Merca           | Asoc. Xuvenil Xoldreira                                | 10              | Arnoia                       | 30    |
| Ares              | Asoc. Amigos do Mosteiro de Sta. Catalina de Montefaro | 6               | Frades                       | 30    |
| Arzúa             | Asoc. Pescadores do Iso                                | 8               | Iso                          | 180   |
| As Pontes         | Asoc. EuroEume   | 8               | Eume                         | 200   |
| Betanzos          | Fragas do Mandeo                                       | 9               | Mendo                        | 600   |
| Camariñas         | Mar de Fábula<br>PX Costa da Morte                     | 11              | Do Porto                     | 1700  |
| Cangas do Morrazo | ADEGA-Morrazo  | 28              | Bouzós Pontillón             | 1.000 |
| Carral            | Asoc. Brexa  | 42              | Barcés                       | 800   |
| Carballo          | ADEGA Carballo   | 5               | Rosende                      | 100   |
| Catoira           | Ecoloxistas de Catoira                                 | 25              | Catoira                      | 50    |
| Cenlle            | Asoc. Veciñal Lentille                                 | 8               | Regato de Lentille           | 200   |
| Culleredo         | ADEGA Coruña   | 10              | Rego do Trabe                | 100   |
| Fene              | AETNA  | 26              | Baa                          | 150   |
| Gondomar          | Concello de Gondomar                                   | 54              | Miñor,<br>Morgadáns<br>Rasas | 1.000 |
|                   | Voluntariado Proxecto Ríos Gondomar                    | 29              | Miñor                        | 450   |
| Lousame           | Fundacao Montescola                                    | 20              | San Fins                     | 10    |
| Lugo              | ADEGA Lugo<br>UNED<br>Coidemos Lugo                    | 22              | Rato<br>Miño                 | 1.000 |
| Marín             | Grupo Cultural Ronsel                                  | 9               | Loira                        | 125   |
| Meis              | Concello de Meis<br>CPI Mosteiro                       | 15              | San Martiño                  | 150   |
| Melide            | Asoc. Melidá   | 7               | Furelos                      | 500   |
| Moaña             | ADEGA-Morrazo  | 12              | Rialdarca                    |       |
| Navia de Suarna   | Asco. Veciñal Irmandade Naviega                        | 13              | Navia                        |       |
| Negreira-A Baña   | Asoc. Afonso Eanes                                     | 14              | Rego de Duomes               | 200   |
| Nigrán            | Concello de Nigrán/Oficina de Turismo                  | 50              | Miñor                        | 500   |
| O Porriño         | Asoc. Valora Natura                                    | 10              | Louro                        | 50    |
| Ourense           | Ecovixiantes de Franciscanas                           | 17              | Miño                         |       |
|                   | Aula da Natureza de Oira                               | Sen datos       | Miño                         |       |

|                           |                                    |            |                     |               |
|---------------------------|------------------------------------|------------|---------------------|---------------|
| Parada de Sil             | A Fábrica da Luz                   | 10         | Mao                 | 25            |
| Pol                       | Concello de Pol                    | Adiada     | Azúmara             |               |
| Ponteareas                | Plataforma pola Defensa do Tea     | 22         | Tea                 | 300           |
| Pontevedra                | Vaipolorío<br>Fundación Juan XXIII | 23         | Gafos               | 270           |
| Redondela                 | AAVV de Chapela                    | 40         | Rego de<br>Maceiras | 2.000         |
|                           | Asoc. Artelixo                     | 60         |                     |               |
| Rianxo                    | Concello de Rianxo                 | Adiada     | Te                  |               |
| Ribadumia                 | Colectivo Ecoloxista do Salnés     | 6          | Umia                | 50            |
| Salceda de Caselas        | Asoc. Trezecatorze                 | 22         | Caselas             | 230           |
| San Sadurniño             | Concello de San Sadurniño          | 13         | Castro              | 20            |
| Santiago de<br>Compostela | ADEGA Compostela                   | 44         | Sarela              | 500           |
|                           | Gentalha do Pichel                 |            | Corgo               |               |
|                           | AFA Montessori                     |            | Sar                 |               |
| Sarria                    | Asoc. Cultural Crearte             | 2          | Sarria              | 30            |
| Seoane do Courel          | Fundación Uxío Novoneyra           | 3          | Lor                 | 15            |
| Teo                       | Concello de Teo                    | 11         | Rego de Sestelo     | 500           |
| Tomiño                    | Concello de Tomiño                 | 25         | Miño<br>Da Pedra    | 85            |
|                           | Asoc. A Taíña                      |            |                     |               |
|                           | Centro Terapéutico Alborada        |            |                     |               |
| Valga                     | Muíño didáctico de campaña         | 14         | Valga               | 140           |
| Vilalba                   | ANPA CEIP Antonio Anxo Bermúdez    | 24         | Magdalena           | 100           |
| Verín                     | Asoc. CDR Portas Abertas           | 9          | Támega              | 500           |
|                           | Concello de Verín                  |            |                     |               |
|                           | Star Nature Watchers               | 5          | Támega              | 150           |
| Vigo                      | Asoc. Bidueiro                     | 28         | Lagares             | 1.200         |
| Xinzo de Limia            | Concellaría de Cultura e Mocidade  | 35         | Limia               | 500           |
| <b>TOTAL- 49</b>          | <b>64</b>                          | <b>891</b> | <b>61</b>           | <b>16.570</b> |





## 2.10. Comunicación



A realización das actividades do Proxecto Ríos leva emparellada unha difusión en diversas plataformas dixitais. Na actualidade, ademais do boletín mensual –Gardarríos– enviado a todos/as os/as participantes e simpatizantes do Proxecto Ríos, publícanse na web do proxecto as convocatorias, as crónicas e os álbums de fotos de todas as actividades, para que a sociedade en xeral poida facer un seguimento das accións desenvolvidas polo Proxecto Ríos. Ademais compártense no Facebook e Instagram. Nestas, envíanse fotos e comentarios que informan en tempo real das actividades que se están a facer nos diferentes ríos pola equipa do Proxecto Ríos.

Durante o estado de alarma e o confinamento, aínda que non se fixeron actividades fisicamente co voluntariado, si se mantivo a comunicación con eles e se publicaron novas relacionadas cos ríos que puideron resultar de interese.

A continuación preséntase unha serie de imaxes da web do Proxecto Ríos, do Gardarríos e das páxinas das redes sociais:

### Web do Proxecto Ríos:





**CAMPAÑA DE OUTONO 2020**

15 de setembro dará comezo a campaña de inspeccións do Proxecto R2 de outono de 2020 e se extenderá ata o 15 de novembro. Durante esta campaña de inspección e controlado participante sac aos seus límites de río para facer o estado da calidade do río. Tanto durante as campañas organizamos diferentes actividades. Para isto temos previsto o 2º Curso de Formación e a III **Luzerna de Verduras de Río**, tamén organizamos sesións formativas cos grupos socio-juvenís. Todas estas actividades faranse respectando as medidas relacionadas cos actual situación de pandemia provocada polo Covid-19.

Para solicitar unha saída formativa ou asistencia de actividades programadas, escribir un mail a: [proxectoinspeccion@proxa.com](mailto:proxectoinspeccion@proxa.com)

Pódese chamar tamén ao teléfono 881 57 34 00.



### Web de ADEGA:




### GARDARRÍOS:







Facebook:










Instagram:







### 3. Materiais editados

Todos os anos, no Proxecto Ríos, editáanse diferentes tipos de materiais que complementan e reforzan as actividades que dende a organización se propoñen. A maioría destes materiais foron divulgativos que complementan os materiais que o voluntariado emprega nas súas inspeccións. Outros materiais editados son sobre as actividades que se organizan: cartaces e dípticos. Tamén corresponden á renovación de materiais de inspección que emprega o voluntariado.

**CALENDA-RÍO 2020:** Como todos os anos ao comezo do mesmo elaborase un un calendario, que se achegou a todos/as participantes co obxectivo de informar das actividades previstas para ese ano. Desta volta o Calendario 2020 estivo adicado aos 15 Anos do Proxecto Ríos e recolle fotos das principais actividades.

**LOGO 15 ANOS DO PROXECTO RÍOS:** para o 2020 deseñouse un logotipo polo aniversario do Proxecto Ríos ao cumprir 15 anos de andaina.

**FICHA RASTROS E PEGADAS:** Como se recolle no Convenio do ano 2020 entre ADEGA e Augas de Galicia, algunhas das actividades que non se poden facer se mudarían pola elaboración de materiais. Unha ficha que o voluntariado ven demandando dende hai tempo é unha específica sobre Rastros e pegadas, nomeadamente daquelas especies que teñen un carácter máis fuxidizo. A ficha foi realizada co asesoramento da empresa SOREX, especializada en Ecoloxía e Medio Ambiente.

**INFOGRAFÍA:** Cos mesmos deseños da ficha e dos rastros e pegadas realizouse unha infografía.

**MANUAL DE INVASORAS:** tal e como se apuntaba na Nota no Anexo I de Actividades do Proxecto Ríos a desenvolver por ADEGA; Debido a situación extraordinaria por mor do Covid-19 que obriga ao confinamento temporal da cidadanía e polo tanto impide a realización de actividades no exterior e grupais, no ano 2020 é posible que algunhas das actividades plantexadas se modifiquen, cambien de formato ou se substitúan por edición de materiais (\*). Seguindo isto unha das tarefas realizadas nos meses de confinamento foi a elaboración dun Manual das Especies invasoras dos ecosistemas fluviais, no que se plantexa esta problemática e as súas consecuencias para o medio acuático e se informa sobre as principais especies exóticas invasoras dos ríos galegos, así como tamén, de aquelas outras que poderían chegar e así contribuír a súa detección temperá.

**ENCONTRO DE VOLUNTARIADO. SEGUIMIENTO E IDENTIFICACIÓN DE QUIRÓPTEROS:** Para esta importante actividade anual na que o voluntariado é o protagonista, editáronse cartaces para a súa divulgación nas redes sociais e páxinas web.

**CURSO DE FORMACIÓN 2020:** Na xornada de formación, que se desenvolveu ao inicio da campaña de outono, editouse un cartaz divulgativo co programa do curso.

**LIMPEZA SIMULTÁNEA DE RÍOS:** Para levar a cabo a actuación e divulgala, editouse un cartaz que se enviou a todos os coordinadores en cada zona. Tamén se agasallou ao voluntariado participante con unhas máscaras co lema da limpeza “Móllate polos ríos”. Actualizouse a web específica para a limpeza.

**ALGÚNS DOS MATERIAIS EDITADOS:**

**Calendario 2020**



**Logo 15 Anos do Proxecto Ríos**











## 4. Rede Ibérica de Proxecto Ríos



Neste 2020 o Proxecto Ríos irmán de Cantabria que coordina alí Red Cambera cumpriu 10 años dende que comezou a fluír. Con motivo do aniversario realizaron un vídeo no que convidaron a participar a Proxecto Ríos e nos que Virginia Rodríguez e Ramsés Pérez felicitan a iniciativa e deixan unhas palabras de agradecemento.

Participación no vídeo de Red Cambera





## 5. Anexos



### ● Aparición nos medios de comunicación

<https://www.20minutos.es/noticia/4246373/0/el-programa-de-voluntariado-proxecto-rios-continuara-cuidando-los-recursos-fluviales-un-ano-mas/>



<https://fotos.europapress.es/fotonoticia/f3011510/>



<http://xuventude.xunta.es/component/k2/item/18783-proxecto-rios-fomentar-entre-a-mocidade-o-conecemento-e-o-coidado-dos-recursos-fluviais-de-galicia>



<https://diarioluso-galaico.com/2020/05/04/proyecto-rios-crea-un-geoportal-para-la-divulgacion-a-la-sociedad-del-estado-de-salud-de-los-rios/>

4 de maio Diarío Nós

<https://www.nosdiario.gal/articulo/social/quince-anos-defender-rios-galegos/20200504162057096735.html>



<https://www.farodevigo.es/portada-deza-tabeiros-montes/2020/07/21/estudo-morcegos-na-zarra-da/2316566.html>



<https://www.nosdiario.gal/articulo/social/15-anos-do-proxecto-rios/20200811142333103021.html>



[https://www.lavozdegalia.es/noticia/santiago/2020/06/29/span-langgtemos-amadrinada-unha-parte-do-rio-sar-para-o-seu-mantemento-e-limpezaspan/0003\\_202006S29C8993.htm](https://www.lavozdegalia.es/noticia/santiago/2020/06/29/span-langgtemos-amadrinada-unha-parte-do-rio-sar-para-o-seu-mantemento-e-limpezaspan/0003_202006S29C8993.htm)



Entrevista COPE Vigo 24 de agosto

**ECO-CAMP MONTESSORI**

PLAZA LARREDOÑA  
29 de agosto - 31 de agosto  
9h a 12h aprox.

COORDINADO POR: ANA BARREIRO

TEMAS: ARTE, CIENCIA, ECOLOXÍA, MATEMÁTICA

| Semana   | Datos                       | Tema       |
|----------|-----------------------------|------------|
| Semana 1 | 28 de agosto - 30 de agosto | Auga       |
| Semana 2 | 30 de agosto - 31 de agosto | Terra      |
| Semana 3 | 29 de agosto - 30 de agosto | Matemática |
| Semana 4 | 28 de agosto - 30 de agosto | Arte       |
| Semana 5 | 27 de agosto - 29 de agosto | Ecología   |

Temas a cargo de especialistas tanto a parte de 8 a 12 anos.  
Horarios: luns a venres, das 9 a 14 hrs. (aprox)  
ata ao 20 de agosto dependendo da asistencia.

Información: 670.283778

Colaboran:

- GREENPEACE
- InterRed
- El Barco de Vapor
- El Barco de Vapor



**FARO DE VIGO**

Gran Vía Galicia Más Noticias Deportes Cultura Economía Opinión Galiza

Galicia El comercio en Galicia Seguridad 2020 Mercados Poesía Ocio Tabacalva Muxos

OPINIONES

Faro de Vigo » Ocio Tabacalva-Muxos » Noticias de A Estrela

Noticias de A Estrela

## A Xesteira y Couso secundan la XIII Limpeza Simultánea Móllate polos ríos

Limpeza de basura la ruta de molinos del río Vea hasta la desembocadura en el Ulla

10 de agosto | 10:41 | 2020 | 17:18



Noticia » 10 de agosto » Noticias » Noticias Móllate polos Ríos » Retiran media tonelada de lixo do río Muíños en Nigrán

OPINIONES

OPINIONES

## 'Proxecto Móllate polos Ríos'. Retiran media tonelada de lixo do río Muíños en Nigrán

En Nigrán, 29 de agosto, 2020

Compartir

Facebook

Twitter

52

Print



**XORNAL**

OPINIÓN POLÍTICA ECONOMÍA CULTURA DEPORTES SERVICIOS AMBIENTE E M

## Gondomar súmase á limpeza simultánea de ríos en toda Galicia organizada por Adegas

Un paso máis na realización do programa de Adegas

Por Xago Carballa - 23 de agosto, 2020

Compartir

Facebook

Twitter

Google+

Print



**La Voz de Galicia**

Noticias

## Carballo participará en la limpieza simultánea de Proxecto Ríos

Meio ambiente | Será el domingo, en una iniciativa promovida por la entidad ecologista Adegas



CCVE

OPINIONES

## San Sadurniño organiza una ruta de senderismo y una jornada de limpieza de los ríos

Será el domingo (27) jornada en la que se lleva a cabo la Ruta do Castro y la actividad 'Móllate polos ríos' de AGLISA





gozardosrios

As mil caras dos ríos: Roteirios, unimos ríos e persoas

Texto e fotos Barralés Pérez / Proxecto Ríos Adegá



Canais navegables e ríos.

O desenvolvemento desta iniciativa de Asociación para Defensa Riberana de Ourense (ADR) que se fai por tradición adiante...

Desde a creación desta iniciativa de Asociación para Defensa Riberana de Ourense (ADR) que se fai por tradición adiante...

Depois de un ano de traballo de promoción do río en diferentes actividades e actividades...

Na comunidade Gallega existen centos de ríos, que son sempre ríos de gran importancia...

Unha das iniciativas máis recentes é a do Roteirios, un programa de actividades que...

Este programa de actividades que se fai por tradición adiante...



Merca en Ponte de Lima durante o curso das Riberas por Adegá.



Merca en Ponte de Lima durante o curso das Riberas por Adegá.



Merca en Ponte de Lima durante o curso das Riberas por Adegá.



Carreira en Ourense, un río con un río.

Desde a creación desta iniciativa de Asociación para Defensa Riberana de Ourense (ADR) que se fai por tradición adiante...

Depois de un ano de traballo de promoción do río en diferentes actividades e actividades...

Desde a creación desta iniciativa de Asociación para Defensa Riberana de Ourense (ADR) que se fai por tradición adiante...

Depois de un ano de traballo de promoción do río en diferentes actividades e actividades...

gozardosrios

Camiñando polo canón do Mao

O canón do río Mao ofrece un mundo das persoas máis espectacular da nosa Galiza, ríos de patrimonio natural e cultural. Texto e fotos Barralés Pérez / Proxecto Ríos Adegá

O canón do río Mao ofrece un mundo das persoas máis espectacular da nosa Galiza, ríos de patrimonio natural e cultural.

Desde a creación desta iniciativa de Asociación para Defensa Riberana de Ourense (ADR) que se fai por tradición adiante...

Depois de un ano de traballo de promoción do río en diferentes actividades e actividades...

O canón do río Mao ofrece un mundo das persoas máis espectacular da nosa Galiza, ríos de patrimonio natural e cultural.

Desde a creación desta iniciativa de Asociación para Defensa Riberana de Ourense (ADR) que se fai por tradición adiante...

Depois de un ano de traballo de promoción do río en diferentes actividades e actividades...



Canal do río Mao que flúe polo canón do Mao.



Parque de Galla, un canón do río Mao.



Merca en Ponte de Lima durante o curso das Riberas por Adegá.



Merca en Ponte de Lima durante o curso das Riberas por Adegá.



Merca en Ponte de Lima durante o curso das Riberas por Adegá.



Merca en Ponte de Lima durante o curso das Riberas por Adegá.

Desde a creación desta iniciativa de Asociación para Defensa Riberana de Ourense (ADR) que se fai por tradición adiante...

Depois de un ano de traballo de promoción do río en diferentes actividades e actividades...

O canón do río Mao ofrece un mundo das persoas máis espectacular da nosa Galiza, ríos de patrimonio natural e cultural.





## Inspección del río Liñares a su paso por Lagartóns

12-10-20 | 10:12



Reportagem: María P. Pardo. Imaxe: Ana María Lagoa / OBRASVIA, CC BY-SA

La Asociación pola Defensa do Val do Liñares organizou un sábado unha inspección do río Liñares a su paso por a parroquia de Lagartóns. En esta actividade realizaron un diagnóstico de la salud del río a través un análisis de diversos parámetros. Para ello contamos con la ayuda de un biólogo de la asociación ecoloxista Adega.

## La Voz de Galicia



CC-BY-SA



21/10/2020 09:00H

La Asociación pola Defensa do Val do Liñares realizou este viernes la inspección de otoño del río. El colectivo hizo un diagnóstico de

● Memoria fotográfica das actividades

2020-02-19. Río Tea. Salvaterra. IES Salvaterra. INVASAQUA.



2020-03-11. Río Louro. Tui. IES San Paio de Tui. INVASAQUA.



2020-05-20. Río Tinto, Rois. As Gandariñas





2020-05-27. Río Te, Rianxo.



2020-05-28. Río Rosende, Carballo



2020-05-29. Río Corga de Sampil, Celanova





2020-05-30. Río Mao, Montederramo.



2020-06-02. Río Rego de Vigo, Dodro



2020-06-04. Río Loira, Bueu.





2020-06-04. Río da Gándara, Pontevedra.



2020-06-09. Rego de San Tomé, Mosteiro-Meis. Escola do río.



2020-06-25. Río Furelos, Melide.





2020-07-07. Río da Groba, Baiona. Asoc. Avelaiña



2020-07-07. Río Sarela. Gentalha do Pichel





2020-07-09. Rego dos Frades. Asociación de Amigas do Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro.



2020-07-18. Encontro de Voluntariado. Quirópteros no río Arnego



2020-09-09. Río Sarela. CIFP San Paio



2020-09-26. Curso de formación de outono





2020-10-29. Río Lárez: IES Chano Piñeiro



2020-10-30. Río Liñares: Asoc. Val do Liñares





2020-11-03. Río Tambre. CPI Pontecarreira



2020-11-04. Río Tea. IES Salvaterra



2020-11-10. Río Madalena. IES Castro da Uz



2020-11-14. Río Sarela. CC Ambientais UNED Pontevedra





2020-11-19. Río Tea. CIFP A Granxa.



Iniciativa de:



Co financiamento de:



XUNTA  
DE GALICIA